

NO DIA DAS LETRAS GALEGAS
NO CASINO

Luz Pozo falou sobre Otero Pedrayo



Luz Pozo Garza durante o acto do Día das Letras Galegas o pasado sábado no Casino.

O pasado sábado no Casino de Viveiro, co galloda celebración do Día das Letras Galegas, a poetisa viveirense Luz Pozo Garza falou sobre Ramón Otero Pedrayo cun salon cheo de xente que seguíu con atención a súa doce voz.

Comenzou Lucita Pozo emocionada, como ela mesmo dixo, «porque esto de recuperar Viveiro, recuperar as amistades, a alma do pobo, as personas coas que vivín...» Recordou a Noriega Varela, de quen dixo que fora seu mestre en poesía con quen compartiu horas no vello Casino, e tamen tivo un recordo para o seu antigo profesor Noya. As rúas de Viveiro non as ten esquecidas Lucita Pozo, con elas, dixo, «soño polas noites», e nas súas palabras notábase a emoción da volta a Viveiro.

Despois leíu unha entrevista que ela mesmo lle fixera a Otero Pedrayo no pazo de Trasalba en 1973, e que Luz Pozo tituló «Derradeira lección do mestre». Nela relata a agarimosa acollida de don Ramón e a súa dona, e tamén a caída da araucanía no inverno pasado, o arbre que mandara prantar o pai de Otero Pedrayo co motivo do nacemento do rapaz, «era o meu irmán, xa poucos anos me quedan de vida» diríalle o Patriarca das Letras Galegas a Luz Pozo. Fixo fincapé, Lucita, na voz de don Ramón, «voz como o abalar do mar, fermosa e rotunda». E ambolosdous faláron de Noriega Varela, «o mellor que fixo Noriega foi aquí en Trasalba». Galicia e a morte, foron os dous temas preferidos de Otero Pedrayo, para quen «Galicia non é soio unha transparencia, sinón unha personal interpretación da nosa terra, da nosa historia, da nosa socioloxía, da nosa paisaxe, da nosa estética, do noso vivir».

Noutro momento, Luz Pozo refiriuse á importancia que don Ramón lle daba á luz, á distinta luz dos diferentes sitios. Tamén lembrou poemas de Noriega Varela que Otero Pedrayo coñecía perfectamente, e ela mesma recitou un poema sobre Trasalba en catro cantos. Pechou a súa intervención Luz Pozo recitando o seu poema «Falando a Rosalía» adicado a Rosalía de Castro.

O presidente do Casino fixolle entrega dunha placa-recordo, como lembranza do acto e da súa estancia en Viveiro. E pechou o acto a coral Ortegana interpretando varias composicións.